

# ACTUALIDADE XURÍDICA

Coordinador: Manuel José Vázquez Pena

- Manuel José Vázquez Pena  
*Comisión do cooperativismo agrario valenciano: estrutura, funcionamento e composición*
- Pablo Fernández Carballo-Calero  
*Notas sobre el Consejo de la economía social y del cooperativismo de las Illes Balears*
- Maria Luisa Cabello López  
*Creación e regulación do Consello rexional de economía social de Castela e León*
- Anxo Tato Plaza  
*Imposibilidade de reactivación tácita da sociedade cooperativa galega disolta por transcurso do prazo para o cal foi constituída*
- Fernando García Cachafeiro  
*Arquivo do expediente por fixación dos prezos do transporte do peixe no porto da Coruña*
- Xacobo Izquierdo Alonso  
*Non necesidade de obtención na asemblea xeral da maioría cualificada de 2/3 para acordar o cese da entidade de xestión dunha cooperativa de vivendas [anotación a sentenza da Audiencia Provincial da Coruña de 20 de febreiro de 2009]*
- Rafael García Pérez  
*Nota a Sentenza da Audiencia Provincial de Burgos de 6 de novembro de 2009: Dereito de información na adopción de acordos de contido económico*

- Jose Antonio Rodríguez Míguez - María Jesús Rodríguez Míguez  
*Incumprimento das obrigas do cooperativista: comentario da SAP de León do 16 de novembro de 2009*
- Isabel Sánchez Cabanelas  
*A cesión de bens e dereitos a terceiros nas cooperativas de vivendas*
- Francisco Torres Pérez  
*Comentario a Sentencia do Tribunal Supremo de 26 de febreiro*
- Elena Salgado André  
*O levantamento do velo. Acción de responsabilidade social: prescripción da acción. Acción de reembolso (Comentario a Sentenza da Audiencia Provincial de Barcelona de 18 de marzo de 2009)*

Cooperativismo e Enonomía Social, nº 32 (2009-2010), pp. 143-146

### **“COMISIÓN DO COOPERATIVISMO AGRARIO VALENCIANO: ESTRUCTURA, FUNCIONAMENTO E COMPOSICIÓN”.**

Manuel José VÁZQUEZ PENA

O artigo 108 (“*Principio xeral*”) da Lei 8/2003, de 24 de marzo, “*de Cooperativas da Comunidade Valenciana*” (Diario Oficial da Comunitat Valenciana de 27 de marzo 2003), sinala que “*a Generalitat Valenciana asume o compromiso de realizar unha política de fomento do cooperativismo e das cooperativas, dentro do máis riguroso respecto ao principio de autonomía que informa estas entidades. Dacordo cos seus programas de actuación, a Generalitat Valenciana adoptará as medidas necesarias para promover a constitución e o desenrolo de cooperativas, de forma que poidan cumprir o seus obxetivos económicos e sociais, de conformidade cos principios cooperativos*”.

Pola súa banda, o artigo 109 (“*Participación das organizacións representativas*”) da mesma Lei dispón que “*a Generalitat Valenciana instrumentará a participación das organizacións representativas do cooperativismo nas institucións e órganos públicos baixo a súa dependencia, así como nas decisións que adopte o Consell da Generalitat e cada unha das consellerías nas materias da respectiva competencia*”.

Nesta liña, tendo en conta que ámbolos dous forman parte do Título III da referida Lei 8/2003, adicado ao “*Fomento do Cooperativismo*”, a Generalitat Valenciana ten considerado convinte a redacción do Decreto que nos ocupa, o Decreto 29/2009, de 20 de febreiro, “*que crea a Comisión do Cooperativismo Agrario Valenciano e establece a súa estrutura, funcionamento e composición*” (Diario Oficial da Comunitat Valenciana de 24 de febreiro de 2009). Con este Decreto, que consta dunha breve exposición de motivos, de sete artigos, dunha disposición adicional

(constitución da Comisión no prazo dun mes) e de dúas disposicións derradeiras (autorización para o desenvolvemento normativo ao Conselleiro de Agricultura, Pesca e Alimentación; e “*entrada en vigor*” ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial da Comunitat Valenciana), trátase de configurar un órgano consultivo, de estudo e asesoramento, plenamente representativo do sector das cooperativas agrarias da Comunitat Valenciana, que co seu traballo contribúa á ordenación do sector, millore a competitividade e fomenta as cooperativas agrarias.

Adscrita á Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación, a Comisión do Cooperativismo Agrario Valenciano, que articulará os mecanismos de coordinación necesarios para a elaboración de Plans de Actuación co obxectivo de fomentar as cooperativas agrarias valencianas (artigo 1), estará composta polos seguintes membros: a) O Presidente, que será a persoa titular da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación; b) o Vicepresidente ou persoa titular da Subsecretaría da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación; c) varios Vocais: a persoa titular da Dirección Xeral de Producción Agraria, a persoa titular da Dirección Xeral de Empresas Agroalimentarias e Desenvolvemento do Medio Rural, a persoa titular da Dirección Xeral de Investigación e Tecnoloxía Agroalimentaria, e os representantes do Consello Rector da Federación de Cooperativas Agrarias da Comunitat Valenciana; e d) o Secretario, que actuará con voz e sen voto e será un funcionario da Dirección Xeral con competencias en cooperativas agrarias, designado pola mesma.

Corresponderalle ao presidente: a) Convocar as sesións, fixar a orde do día, presidir e moderar as sesións; b) visar as actas e certificacións dos acordos do órgano; c) dirimir co seu voto os empates, aos efectos de adoptar os acordos; e d) exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente do órgano. Estas funcións poderán delegarse no vicepresidente.

Pola súa parte, o secretario terá que: a) efectuar a convocatoria das sesións do órgano por orde do presidente, así como as citacións aos membros do mesmo; b) recibir os actos de comunicación dos membros e terceiros co órgano; c) preparar o despacho dos asuntos e redactar e autorizar as actas das sesións; d) expedir certificacións dos dictames e acordos aprobados; e e) cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario (artigo 2).

Segundo indica o artigo 3, correspóndelle á Comisión funcións de carácter xeral e funcións de carácter instrumental. Entre as primeiras pódense sinalar as seguintes: a) Apoyar e asesorar á Consellería de